

Pra que a ESCOLA sexa a CHAVE

STEG Opina

O STEG condena a posíbel moción de censura que planea o PP cunha tráfuga no Concello de Lugo

O sindicato STEG quere expresar a súa repulsa polas últimas manobras do PP no Concello de Lugo en connivencia cunha concelleira tráfuga que se prestaría a apoiar unha posíbel moción de censura e botar abaixo o goberno de coalición entre o PSOE e o BNG.

O respecto aos procedementos democráticos e ao sentido da decencia son os que deben guiar a actuación dos partidos políticos en calquera eido, tamén no municipalismo. Pretender coller atallos que se desvían do ben común, a vocación de servizo á cidadanía e ao espírito das normas democráticas deteriora o bo funcionamento das institucións e só serve para intereses espúreos, que vulneran a vontade popular expresada nas urnas.

Máis grave, se cadra, toda vez que esta situación vén dada polo falecemento de tres persoas que facían parte da listaxe electoral dun dos partidos de goberno, neste caso o PSOE. Cómpre lembrar que, se o mecanismo da moción de censura é unha figura legalmente establecida, está deseñada para garantir o bo goberno dunha institución en situacións moi concretas de deterioro da mesma, de inhabilitacións, casos graves de corrupción ou circunstancias excepcionais que así o aconsellasen. Non se da no actual contexto ningún deses casos e só se pode entender esta acción como un exercicio irresponsábel da política en beneficio de intereses partidistas e mesmo persoais.

Por isto, o STEG anima a cidadanía a mobilizarse dende o respecto e o civismo contra esta manobra que, unha vez máis, retrata máis que ben a concepción que da democracia teñen algunhas persoas e organizacións políticas.

Comisión Permanente do Secretariado Nacional do STEG 22 de abril de 2026

